

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE

No salón de plenos do concello de Cerdido, as vinte horas do día vinte e seis de abril de dous mil dezasete reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao, baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro.

**1. Aprobación, se procede, da acta do pleno reunido o día 17/02/2017.** Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior.

**2.- Modificación do acordo de aprobación do POS 2017+.** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:

Unha vez comunicados uns erros detectados no acordo do Pleno de aprobación do Plan de cooperación provincial de obra e servizos POS + 2017, seguintes: 1.- No apartado C do acordo, a obra imputase á achega provincial 2017 cando en realidade imputase a achega 2016. 2. No sumatorio do apartado E, falta o sumatorio total da Deputación. E ante as dificultades para a dispoñibilidade de todos os terreos nas obras do POS 2017 complementario, E tendo en conta a Lei 7/1985 de bases de réxime local. Esta Alcaldía propón ao pleno a modificación do acordo do día 17.02.2017 para emendar erros e par cambiar o seu segundo punto que queda redactado do seguinte xeito

**PRIMEIRO:** Emendar os erros seguintes:

Apartado c) Financiamento


<b>ACHEGA PROVINCIAL 2017</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Camiño de A Barqueira a Barbas (A Barqueira) e outros	85.000,02	0,00	85.000,02
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	85.000,02	0,00	85.000,02

Apartado e) Resumo

<b>SUBTOTALS</b>		<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2016</b>	0,00		0,00
	<b>Achega 2017</b>	0,00		0,00
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2017</b>	125.010,64		125.010,64



## Concello de Cerdido (A Coruña)



As Felgosas, A Barqueira, 15369 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es


<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2017</b>	0,00	0,00	0,00
	<b>Achega 2016</b>	85.000,02	0,00	85.000,02
	<b>Préstamo 2017</b>	0,00	0,00	0,00
<b>D.-HONORARIOS REDACCIÓN</b>	<b>Achega 2017</b>	0,00		0,00
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2017</b>	30.000,00		30.000,00
	<b>Achega 2016</b>	10.391,14		10.391,14
<b>F- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2017</b>	0,00		0,00
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2017</b>	155.010,64	0,00	155.010,64
	<b>Achega 2016</b>	95.391,16	0,00	95.391,16
	<b>Préstamo 2017</b>	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>	250.401,80	0,00	<b>250.401,80</b>

**Segundo:** Aprobar un novo punto segundo do acordo que queda redactado do seguinte xeito :  
Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 ni que se inclúen os financiamentos sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de condicións técnicas .

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles ( mínimo do 20% do total da achega e prestamos provincial asignado )	Orzamento
Camiño Campo da Igresia ao Covelo ( Os Casás ) e outros	35.304.99 €
camiño escola de Os Casás -Pedrachantada ( Os Casás ) e outros ,	41.567.84 €
	Total 76.872,83 €

**Os membros do Pleno por maioría aprobou a proposta anterior . Oitos votos a favor e unha abstención do concelleiro Pablo Casas Cibreiro**

**O alcalde** explica que as modificacións son por erros no anterior acordo e se cambia o POS 2017+ complementario , pola falta de dispoñibilidade de terreos , se elimina as obras da fosa en Fercoi e Os Abruñeiros e se incorporan novas obras de mellora de camiños en Campo da Igresias , Covelo, en Arriba de Arriba ,Calmourel , Casaldaia de Abaixo



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

A concelleira Ana Rodríguez Montero , engade que foi moi arriscado incorporar proxectos de obra sen ter a disponibilidad de terreos , e nos novos proxectos segue sen estar incluír a auga As Travesas


O Alcalde , explica que fai uns días os veciños solicitaron este investimento


### 3. Dar conta dos decretos da Alcaldía

Decreto	Fecha Firma	Asunto
16/2017	14/02/17	Decreto de convocatoria de pleno ordinario febreiro
17/2017	14/02/17	Solicitude de Reserva de Instalacións.
18/2017	14/02/17	Decreto de aprobación do contrato menor de análises de calidade da auga potable.
19/2017	14/02/17	Decreto de concesión do servizo de axuda no fogar, prestación básica.
20/2017	14/02/17	Aprobación de facturas da Nº 59 A 271.
21/2017	14/02/17	Decreto de solicitude de subvención ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental 2017 da Xunta de Galicia. Liña Competitiva.
22/2017	17/02/17	Autorización para usar a aula 3 da Escola de Avispeira.
23/2017	17/02/17	Licenza de obra para soportal exterior en vivenda unifamiliar en Campo da Igrexa 23, Os Casás
24/2017	17/02/17	Autorización a Comisión de festas de Cerdido para xuntanza de entroido.
25/2017	20/02/17	Decreto de solicitude de subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020
26/2017	23/02/17	Decreto de aprobación de contrato menor para obradoiro de memoria e ximnasia.
27/2017	03/02/17	Decreto de solicitude da subvención da Deputación da Coruña para o mantemento de persoal técnico en animación sociocultural.
28/2017	03/02/17	Decreto sobre ausencia do alcalde do termino municipal os días 5/6/7 de marzo de 2017.
29/2017	03/09/17	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 71.
30/2017	03/09/17	Decreto de aprobación dun expediente de modificación de crédito 01/2017 por incorporación de remanentes 2016.
31/2017	03/09/17	Solicitude de autorización para usar un local o 11 de marzo para unha celebración de aniversario infantil.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
32/2017	03/09/17	Relación de recibos SAF febreiro 2017.
33/2017	15/03/17	Decreto de aprobación de certificación num 1 da obra: Estrada O Porto - A Barqueira e outros, incluída no POS 2016.
34/2017	16/03/17	Pago de facturas marzo 2017.
35/2017	16/03/17	Decreto para propoñer ao pleno a subsanación de erros no acordo do pleno de aprobación do POS 2017+
36/2017	16/03/17	Autorización a comisión de festas dos Casas para unha xuntanza, uso da megafonía e peche ao tráfico dunha vía municipal.
37/2017	16/03/17	Convocatoria do I concurso de debuxo.
38/2017	21/03/17	Decretos de aprobación do contrato menor privada dunha actuación musical do grupo A Roda.
39/2017	22/03/17	Alta no padrón de habitantes en Rioforcado, 1, A Barqueira.
40/2017	23/03/17	Decreto de solicitude de programa de subvencións da Deputación Provincial en materia de servizos sociais.
41/2017	23/03/17	Decreto de aprobación da Liquidación do orzamento 2016
42/2017	23/03/17	Declaración de disentimento da solicitude de licenza de obra maior núm. 2014/U008/000005 iniciada para colocación de caseta de madeira prefabricada en Viladóniga, 3, Cerdido.
43/2017	24/03/17	Solicitude de autorización para celebrar unha xuntanza ao aire libre e usar a megafonía municipal.
44/2017	24/03/17	Solicitude de autorización para usar un local en Avispeira para unha celebración de aniversario infantil.
45/2017	27/03/17	Decreto de aprobación do expediente de incorporación de remanentes 2/2017
46/2017	27/03/17	Decreto de aprobación do Proxecto de servizos sociais comunitarios 2017 para o seu envío a Xunta de Galicia.
47/2017	28/03/17	Decretos aprobando a proposta de modificación do POS 2017 + COMPLEMENTARIO.
48/2017	31/03/17	Decreto de solicitude compartida dun obradoiro de emprego.
49/2017	31/03/17	Aprobación e pago de facturas.
50/2017	04/04/17	Decreto de aprobación da solicitude formulada por traballadora do SAD de acumulación do período de lactancia, e solicitude de vacacións e excedencia para cuidado dun menor.
51/2017	04/06/17	Decreto de liquidación ao Concello de Valdoviño polo convenio de colaboración para compartir os servizos do arquitecto municipal.
52/2017	04/06/17	Relación de recibos SAF marzo 2017.
53/2017	04/11/17	Alta no padrón de habitantes en Piñeiro, 2, Cerdido.
54/2017	04/11/17	Convocatoria do XVII Concurso de Contos de Cerdido.
55/2017	04/11/17	Solicitude da Casa de Cultura para unha reunión.
56/2017	04/11/17	Autorización á Deputación da Coruña para usar a casa da cultura para impartir un curso de pequenos arranxos de costura básica doméstica.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

57/2017	20/04/17	Decretos de aprobación do contrato menor de servizos para a elaboración do proxecto de intervención arqueolóxica para a obra: Acondicionamento Area Recreativa O Castro.
---------	----------	--

A concelleira **Ana Rodríguez Montero** solicita explicación dos seguintes decretos :

Núm.20/2017 . As facturas co numero 59 ao 271 xa están aprobadas por outro decreto do que se deu conta no pleno anterior , e os decreto 53 e seguintes ten a data do mes e o día cambiados . O alcalde explica que foi un erro .

Núm.21/2017 . Que se solicitou no Fondo de Compensación Ambiental . O alcalde explica que se solicitou unha desbrozadora

Núm.48/2017 . Que se solicitou no obradoiro de emprego . O alcalde explica que se solicitou xunto a Ortigueira , Cariño e Mañón para axuda en institucións e para agricultura ecolóxica .


Núm.57/2017 ,Solicita mais información da contratación da arqueóloga . O alcalde explica que se realizou un contrato menor para que un arqueólogo este presente no momento que se realicen as obras na area recreativa o Castro por exixencia de Patrimonio

5. DAR CONTA DO DECRETO DE APROBACION DA LIQUIDACION DO EXERCICIO ECONOMICO DE 2016 . Pola secretaria deuse lectura o decreto que se copia deseguido :

**Antecedentes administrativos** .Expediente da liquidación do presuposto municipal de 2016

Informes redactados pola secretaria-interventora o día 22/03/2017.Lexislación **aplicable** .Artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Esta Alcaldía **ACORDA: PRIMEIRO:** Aprobar a **liquidación do exercicio económico de 2016**, de acordo co seguinte detalle de resultados:

<b>1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:</b>	<b>150.505,95 €</b>
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	115.529,80 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	28.383,54 €
c.- de operacións non presupostarias	6.592,61 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	
<b>2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio</b>	<b>34.898,37 €</b>
a.-De presuposto corrente	10.377,58 €
b.- De presuposto pechado	660,94 €
c.-Outras operacións non presupostarias	23.859,85 €
d.- pagos pendentes de aplicación	0,00 €
<b>3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio</b>	<b>91.709,94 €</b>
<b>4. Remanente de tesourería total ( 3+1- 2 )</b>	<b>207,317,52 €</b>
5.- Saldo de dubidoso cobro	12,000,88 €
6.- Exceso de financiamento afectada	22.150,42 €
<b>Remanente de tesourería para gastos xerais ( 4 -5-6 )</b>	<b>173.166,22 €</b>



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1.203,993,73 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1.123.241,75 €
<b>3. Resultado Presupostario (1 - 2)</b>	<b>80.751,98 €</b>
4. Desviacións positivas de financiamento	22.150,44 €
5. Desviacións negativas de financiamento	32.292,85 €
6. Gastos financ. con remanente líquido tesourería gastos xerais	38.569,58 €
<b>7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=</b>	<b>129.463,97</b>

**SEGUNDO** : En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira a execución do presuposto do ano 2016, cumpriuse o obxectivo de estabilidade presupostaria e a regra de gasto segundo se desprende do informe da secretaria – interventora e se recollen nos seguintes cadros :

Entidad	Ingreso no financeiro	Gasto no financeiro	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operacións internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-025-AA-000 Cerdido	1.203.993,73	1.123.241,75	17.555,37	0,00	98.307,35

Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local 98.307,35

LA CORPORACIÓN LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

Entidad	Gasto computable Liq. 2015 sin IFS (GC2015) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2015) (11)	(2)= ((1)-(11))* (1+TRCPIB)	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pto. Act. 2016 (IncNorm2016) (3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2016) (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2016 (GC2016) <sup>V</sup> (6)
11-15-025-AA-000 Cerdido	730.056,22	-5.542,00	737.555,48	0,00	-9.246,58	737.555,48	682.720,94
<b>Total de gasto computable</b>	<b>730.056,22</b>	<b>-5.542,00</b>	<b>737.555,48</b>	<b>0,00</b>	<b>-9.246,58</b>	<b>737.555,48</b>	<b>682.720,94</b>

Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq. 2016" (GC2016) (5)-(6) 54.834,54  
% incremento gasto computable 2016 s/ 2015 -6,48


LA CORPORACIÓN CUMPLE CON EL OBJETIVO DE LA REGLA DEL GASTO de acuerdo con LO 2/2012. Esta valoración es sin perjuicio del cumplimiento o incumplimiento establecido en el Plan Económico Financiero (PEF)

**SEGUNDO:** Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitan copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda.

## 6.- ROGOS E PREGUNTAS

A concelleira Ana Rodríguez Montero realiza as seguintes preguntas

1.- A Fotovoltaica esta funcionando ? O alcalde afirma que si



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

2.- Para cando vaise abrir a Piscina ,a xente esta preguntado e xa estamos casi en maio ?O alcalde explica que no expediente de contratacion houbo unha baixa temeraria e haille que pedir documentación a empresa , e darlle os prazos que establece a Lei .

3. Os empregados da Deputación que están contratados , son financiados ao 100% pola Deputación? . O alcalde explica que o persoal actual eta financiado pola Xunta , que da unha cantidade ao 100% e logo se reparte entre o tempo e a xornada , os financiados pola Deputación se contratarán no momento que rematen os actuais

**O concelleiro José Esmoris Aldao** fai as seguintes preguntas

A pantalla interactiva , esta funcionando? e quere darlle a noraboa o concelleiro Cándido Prieto Lago pola súa posta en marcha

O alcalde explica que a pantalla non funciona , e que xa se arreglou varias veces e por si el fora a quitaba .

O Concelleiro Cándido Prieto Lago , explica que o mantemento da pantalla , o realiza a Deputación e que non costa nada ao concello que se está a espera dunhas gomas que o aislen da humidade .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Alcaldía deu por rematada a sesión sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de abril de 2017 . Do que eu como secretaria dou fe:

O alcalde

A secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Diaz Tie